



ORDENANZA FISCAL Nº 20

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA E RETIRADA DE VEHÍCULOS NA VÍA

Artigo 1.-Fundamento e obxecto.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Vimianzo, establece a taxa por recollida e retirada de vehículos na vía pública, a que se refire o artigo 20.3 da citada Lei 39/1988, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal e cuxas normas atenden ó previsto no artigo 58 da LRHL.

Artigo 2.-Feito imponible.

O feito imponible está constituído pola prestación dos servizos municipais conducentes á retirada das vías urbanas de aqueles vehículos aparcados en zona non permitida ou que perturben a circulación das mesmas. O servizo é de recepción obrigatoria e prestarase de oficio ou en virtude de denuncia particular.

Artigo 3.-Devengo.

Este tributo devengarase, nacente a obrigaón de contribuír coa iniciación da prestación do servizo.

Entenderase que se iniciou a prestación do servizo cando, detectado o vehículo infractor, se inicien as labores para a súa recollida. Tal recollida poderá ser suspendida no caso de que o conductor infractor satisfaga en tal momento o importe da Taxa e mobilice o vehículo seguidamente a fin de que o mesmo deixe de orixinar lña anomalía pola que se aplica a Taxa.

Artigo 4.-Suxeitos pasivos.

4.1.- Son suxeitos pasivos desta Taxa, en concepto de substitutos do contribuínte, as persoas físicas e xurídicas, así como as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición; que sexan propietarios dos vehículos retirados.

4.2.- Serán suxeitos pasivos contribuíntes os conductores dos vehículos.

Artigo 5.-Base imponible.

A base imponible ven constituída por cada un dos vehículos que sexan retirados polos servizos municipais das vías urbanas.

Artigo 6.- Responsables.

6.1.- Será responsable solidariamente das obrigaóns tributarias establecidas nesta Ordenanza toda persoa causante ou colaboradora na realización dunha infracción tributaria. Nos supostos de declaración consolidada, tódalas sociedades integrantes do grupo serán responsables solidarias das infraccións cometidas neste réxime tributario.

6.2.- Os copartícipes ou cotitulares das herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición, responderán solidariamente e en proporción ás súas respectivas participacións das obrigaóns tributarias de ditas entidades.



6.3.- Serán responsables subsidiarios das infraccións simples e da totalidade da débeda tributaria en caso de infraccións graves cometidas polas persoas xurídicas os administradores daquelas que non realicen os actos necesarios da súa incumbencia, para o cumprimento das obrigacións tributarias infrinxidas, consentiran no incumprimento por quen dependa deles ou adopten acordos que fixeran posibles as infraccións. Así mesmo, tales administradores responderán subsidiariamente das obrigacións tributarias que estean pendentes de cumprimentar polas persoas xurídicas que cesaran nas súas actividades.

6.4.- Serán responsables subsidiarios os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, cando por negligencia ou mala fe non realicen as xestións necesarias para o total cumprimento das obrigacións tributarias devengadas con anterioridade a ditas situacións e que sexan imputables ós respectivos suxeitos pasivos.

Artigo 7.-Cotas.

7.1.- As cotas a pagar pola retirada de vehículos son as seguintes:

a.- Retirada dun vehículo calquera coa grúa municipal ou particular contratada, sempre que non sexa de carga ou camiión: 60 euros.

b.- Retirada de vehículos de carga ou camiións; abonarase por cada un o importe da liquidación dos gastos do servico, ben sexa con grúa municipal ou particular contratada, máis a cota de 60 euros.

7.2.- Os vehículos retirados da vía pública devengarán por cada día ou fracción de estancia en depósito municipal a cota de 12 euros.

Cando o depósito non teña lugar nos almacéns ou locais municipais repercútese o exceso do seu importe sobre a cota sinalada anteriormente.

Artigo 8.-Exencións, reducións e demais beneficios.

8.1.- De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 8/1989, de 13 de abril, non se recoñece beneficio tributario algún, salvo ó Estado, Comunidade Autónoma e Provincia á que pertence este Concello e ós que sexan consecuencia do establecido nos tratados ou acordos internacionais.

8.2.- Non quedarán suxeitos ó pago da Taxa os vehículos subtraídos, circunstancia que deberá acreditarse mediante a aportación da copia da correspondente denuncia formalizada.

Artigo 9.-Normas de xestión e recadación.

9.1.- Non serán devoltos os vehículos que foran obxecto de recollida mentres non se faga efectivo o pago das cotas que se establecen nesta Ordenanza, salvo que, no caso de interpoñerse reclamación, fose depositado ou afianzado o importe da liquidación na contía e forma prevista no artigo 14 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais. O pago das liquidacións da presente Taxa non exclúe, en modo algún, o das sancións ou multas que fosen procedentes por infracción das normas de circulación ou policía urbana.

9.2.- O Concello poderá celebrar concertos coas empresas particulares para a prestación do servico de grúa e estancia dos vehículos retirados das vías urbanas.

Artigo 10.-Infraccións e sancións tributarias.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta Ordenanza, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.



Disposición final.

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e de acordo co disposto no art. 17.4 da Lei 39/88, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, e comezará a aplicarse unha vez sala publicada no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A presente ordenanza Fiscal publicouse no [Boletín Oficial da Provincia da Coruña num. 19 do 23 de xaneiro de 2002.](#)